



COPIA

ROGO PARA A MELLORA DO TRÁNSITO PEONIL NA VÍA QUE COMUNICA O CEMITERIO DE BOISACA CO POLÍGONO DO TAMBRE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunicación entre o centro da cidade e o Polígono do Tambre mediante transporte público realízase de forma específica a través da liña P6 que sae da Rúa da Rosa. Unha liña que trata de axustarse ás demandas de mobilidade das persoas que traballan nesa área con frecuencias variables, como mínimo de unha hora, ofrecendo un total de dez viaxes ao día nas xornadas laborables entre luns e venres e catro viaxes os sábados laborables.

Como complemento desta liña principal, moitas persoas que precisan achegarse ao Polígono do Tambre ou aos seus arredores, veñen empregando con frecuencia a liña 1 que conecta o Hospital Clínico co Cemiterio de Boisaca e que mantén pola semana gran cantidade de frecuencias no contorno dos 16 minutos. Esta mesma liña do Cemiterio tamén a empregan moitas persoas para dirixirse ao tanatorio, posto que a pesar de que esta instalación conta co servizo dunha liña propia -a liña 8 que a conecta con Vidán- as súas frecuencias non baixan da media hora.

Esa gran demanda que rexistra a liña 1 de Boisaca fai que moitas persoas usuarias teñan que percorrer a pé a vía asfaltada que bordea o cemiterio polo norte e que se dirixe cara á glorieta da vía Edison, nas proximidades da sede da Asociación de Empresarios do Tambre.

Esa vía presenta dúas deficiencias importantes: por un lado a ausencia dunha beiravía cómoda por onde poidan transitar con certa seguridade os peóns; e, por outra, cando chove, nun dos marcados relanzos existentes do seu trazado encóra moita auga, o que fai imposible vadear esa zona sen mollarse, tal e como pode apreciarse nas imaxes que se acompañan.

Estas dúas cuestións son as que motivan o seguinte rogo:

“Que o Goberno local dea as instrucións precisas para que se proceda á mellora do tránsito peonil na vía que conecta o cemiterio de Boisaca coa glorieta da Vía Edison do polígono do Tambre, atendendo de forma especial á solución da auga encorada nunha das retortas que se forma no seu trazado”

Santiago de Compostela, a 18 de abril de 2017

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular